

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE CONVOCA A CUARTA EDICIÓN DOS PREMIOS CREA-CREATIVIDADE E INNOVACIÓN DO CAMPUS CREA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Dentro da política de impulso e fomento do proxecto de especialización do Campus de Pontevedra como Campus CREA, a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo convoca a **cuarta edición dos Premios Campus CREA-Creatividade e Innovación**, coa finalidade de recoñecer e estimular accións relevantes nestes eidos, que contribúan á promoción do Campus CREA.

Neste senso o Campus CREA aposta pola creatividade como motor da educación universitaria do século XXI, promovendo un contexto educativo innovador, colaborativo e interdisciplinar onde os diferentes axentes implicados participan do proceso de creación e investigación. Resulta, por tanto, oportuno convocar estes premios mediante os que se recoñece o valor que o Campus CREA da Universidade de Vigo outorga ao esforzo de toda a comunidade universitaria no ámbito da creatividade.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade (DOG. do 22 febreiro), esta reitoría RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva a **cuarta edición dos Premios Campus CREA-Creatividade e Innovación**, de conformidade coas bases que se establecen no Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/> e no Portal do Campus Crea da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación RR do 31 de outubro de 2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora do campus de Pontevedra,
Eva María Lantarón Caeiro
(asinado dixitalmente)



ANEXO I. BASES DA CONVOCATORIA

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A Vicerreitoría do Campus de Pontevedra e o campus de especialización CREA da Universidade de Vigo consideran importante, para estimular a promoción do Campus CREA, premiar accións destacadas no ámbito da creatividade e a innovación que impliquen a membros da comunidade universitaria de diferentes ámbitos de coñecemento, e que axuden a situar e consolidar o Campus de Pontevedra como un referente en temáticas relacionadas coa creatividade e innovación.

Neste senso, a presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento para recoñecer, difundir e premiar traballos e accións creativas e innovadoras, que resulten de interese para o desenvolvemento e promoción do Campus CREA.

Os Premios CREA-Creatividade e Innovación teñen como obxectivo recoñecer diferentes facetas da actividade creativa e de innovación desenvolvidas polos membros da comunidade investigadora da Universidade de Vigo: persoal docente investigador (PDI en diante) con calquera vinculación, e alumnado de grao, máster oficial ou doutoramento. Trátase, por tanto, de premiar investigacións, publicacións, obras creativas, e proxectos innovadores dos ámbitos de coñecemento do campus de Pontevedra.

Enténdese por obra creativa e innovadora calquera obra ou proxecto que sexa creada por un membro da comunidade universitaria da Universidade de Vigo. Englóbanse proxectos ou obras vinculadas coa creatividade, nun sentido amplo, e adscritas ás liñas de investigación propias do campus de Pontevedra.

A natureza da obra será totalmente aberta.

2. MODALIDADES DOS PREMIOS

Os premios consistirán no recoñecemento público outorgado pola Universidade de Vigo a través dunha certificación oficial que, de ser posible, será entregada nun acto institucional organizado a tal efecto. As obras ou proxectos premiados poderán ser expostos nos Centros do Campus de Pontevedra durante o tempo que se considere oportuno e de común acordo entre a Vicerreitoría do Campus de Pontevedra e as persoas autoras das obras.

Outorgaranse os seguintes premios para as obras gañadoras, previa resolución do xurado, acompañados dos correspondentes diplomas acreditativos:

A. Primeiro premio

Nesta categoría, polo menos unha das persoas autoras ten que ser obrigatoriedade PDI.

Diploma acreditativo para o alumnado e persoal docente e investigador, persoas autoras da obra. Premio en metálico de mil cincocentos euros (1.500,00€) para as persoas autoras (suxeita á retencións do IRPF que estableza a normativa vixente).



No caso de obras en cotitularidade, o premio dividirase entre o número de persoas autoras da obra.

B. Segundo premio

Nesta categoría, o PDI está excluído e só pode participar o alumnado.

Diploma acreditativo para o alumnado autor da obra. Premio en metálico de setecentos cincuenta euros (750,00€) para as persoas autoras (suxeita á retencións do IRPF que estableza a normativa vixente). No caso de obras en cotitularidade, o premio dividirase entre o número de persoas autoras da obra.

No caso de que o xurado considere que ningún das obras e proxectos presentados acadada un nivel axeitado poderían declararse desertos todos os premios.

3. REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poderá presentarse a este premio todo o alumnado que estea matriculado de calquera titulación de Grao, Máster Universitario ou Doutoramento na Universidade de Vigo no curso académico 2023-2024, así como o PDI de calquera categoría. No caso de obras ou proxectos en cotitularidade, polo menos unha das persoas investigadoras deberá ou ben estar matriculada nunha titulación oficial impartida no Campus de Pontevedra ou ben estar adscrita a un centro, grupo de investigación ou departamento do Campus de Pontevedra.

A solicitude deberá contar co visto e prace de todas as persoas coautoras da obra, salvo imposibilidade xustificada. Neste senso, consideraranse persoas beneficiarias a efectos de certificación da resolución de concesión todas as persoas autoras da obra. No caso da dotación económica consideraranse como persoas beneficiarias todas as persoas autoras.

Non se poderán presentar traballos que foran presentados a calquera outra convocatoria de premios de carácter semellante á presente convocatoria.

Non poderán ter a condición de persoa beneficiaria as persoas nas que concorran algunha das circunstancias establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes presentaranse a través do rexistro electrónico da UVIGO (<https://sede.uvigo.gal/public/catalog-detail/1150909;jsessionid=8982E407453BA8AA40E43655E39661E5>) mediante o procedemento “Instancia Xenérica”, dirixiranse á Vicerreitoría do Campus de Pontevedra indicando no asunto “Cuarta Edición Premios Campus CREA”, e acompañaranse dos seguintes documentos:

- Unha breve descrición da obra ou proxecto, o título do mesmo e o nome dos/as autores, en formato .pdf, seguindo o modelo establecido no ANEXO II.
- Memoria explicativa da natureza da obra ou proxecto, en formato .pdf, seguindo o modelo establecido no ANEXO III.
- Arquivo no que esté incluída a obra a avaliar (en calquera formato). En caso de que a obra teña formato físico, deberán indicalo na solicitude e achegalo á



Vicerreitoría do Campus de Pontevedra antes do remate do prazo de presentación de solicitudes. De non ser posible por dificultades de traslado ou por causa xustificada, deberase explicar o motivo e deberá presentarse unha entrega dixitalizada da obra (imaxes da obra en alta resolución -formato jpg-, vídeo da obra, etc.).

- Declaración responsable de non concorrer con algunha das circunstancias establecidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, segundo o Modelo establecido no ANEXO IV.
- Se non autoriza á consulta segundo a Declaración responsable establecida no ANEXO IV, copia do DNI/NIE/Pasaporte das persoas autoras.
- Se non autoriza á consulta segundo a Declaración responsable establecida no ANEXO IV, Certificación de estar matriculado/a nos estudos de Grao, Máster Universitario ou Doutoramento de todas as persoas que figuren como autoras, ou ben ser Persoal Docente e Investigador con vinculación activa no curso académico 2023/2024.

O prazo de presentación de solicitudes abrirase ao día seguinte da publicación desta convocatoria no taboleiro electrónico da UVIGO e rematará o día 31 de xullo de 2024 ás 14.00h.

Ao remate do prazo de presentación de solicitudes publicarase unha lista provisoria de solicitantes admitidos/as e excluídos/as.

Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta, para poder emendar os defectos que motivaron a exclusión.

5. CRITERIOS DE SELECCIÓN E PROCEDEMENTO

As obras serán avaliadas por unha comisión presidida pola Dirección do Campus CREA e integrada por persoas de recoñecida traxectoria en distintos ámbitos da creatividade e da innovación.

A comisión serán a encargada de avaliar todas as obras presentadas e intentará contar con presenza equilibrada entre mulleres e homes.

Criterios de valoración:

- **Orixinalidade e creatividade.** A obra presenta novas ideas? Avaliase a capacidade de romper co convencional. A obra amosa un alto nivel de creatividade na concepción e execución. (3 pts)
- **Calidade técnica e presentación.** Avaliase a destreza na aplicación de técnicas e ferramentas pertinentes no campo da obra, sexa no ámbito científico, artístico ou tecnolóxico. A obra está presentada de xeito claro, atractivo e profesional? Avaliase a calidade da presentación visual, a claridade da exposición e a capacidade de comunicar eficazmente a idea ou mensaxe da obra (2 pts)
- **Interdisciplinaridade.** Avaliase a capacidade da proposta de integrar e aplicar coñecementos, métodos ou enfoques de diferentes disciplinas, fomentando a



colaboración entre áreas de estudo e promovendo á innovación a través da diversidade (3,5 ptos)

- **Relevancia, pertinencia e valor engadido.** A obra aborda un tema o problema relevante no contexto actual? Ten conexión cos desafíos ou tendencias actuais? A obra aporta un valor diferencial ou único en comparación con outras obras semellantes? (1,5 ptos)

Fallo da comisión:

O fallo da comisión non estará suxeito a apelación. A comisión poderá declarar deserto algún ou todos os premios de acordo coas valoracións obtidas ou por ausencia de solicitudes.

A comisión queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nestas bases.

6. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO

A Comisión elevará ao reitor a proposta de concesión de premios, quen emitirá a resolución correspondente.

A resolución dos premiados farase nun acto público en outubro de 2024, e as obras ou proxectos premiados poderán ser expostos na Semana da Creatividade do ano 2025.

Tanto a convocatoria como as resolucións que integran este proceso publicaranse a título divulgativo na páxina web da Universidade de Vigo e na páxina web do Campus CREA.

7. INFORMACIÓN SOBRE A CONVOCATORIA

Calquera dúbida sobre o contido desta convocatoria será atendida na Secretaría Técnica do Campus CREA (tfno. 986 802 087) ou no correo electrónico: xes.crea@uvigo.gal

8. ACEPTACIÓN DAS PRESENTES BASES

Todos os autores, polo feito de presentarse a este concurso, autorizan o uso da súa obra/proxecto en posibles reproducións que fagan referencia á difusión do propio premio, o que non impedirá que os autores conserven os seus Dereitos de Propiedade Intelectual.

Os participantes responsabilízanse totalmente de ser os únicos autores, de que non existen dereitos a terceiros así como de toda reclamación por dereitos de imaxe ou doutro tipo sobre as obras e proxectos presentadas ao concurso.

O feito de participar neste concurso supón a total aceptación destas bases.

9. INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de



datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a convocatoria “Cuarta Edición Premios CREA - Creatividade e Innovación”, e amparados polo artigo 6.1 e) do RXPD polo que o tratamento dos datos é necesario para o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, con base na Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario que esencialmente é función da universidade o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo e en uso da súa autonomía universitaria pode establecer relacións con outras entidades para a promoción e desenvolvemento dos seus fins institucionais.

Coa súa participación nesta convocatoria a Universidade de Vigo publicará os seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, e conforme ás bases da convocatoria “Cuarta Edición Premios CREA - Creatividade e Innovación”. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813 419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude en sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> ou solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



ANEXO II. INFORMACIÓN XERAL DA OBRA/PROXECTO

IV Edición Premios CREA-Creatividade e Innovación

DATOS DAS PERSOA AUTORAS (1)¹

Nome e apelidos	
DNI	
Teléfono	
Correo electrónico	
Grupo de Investigación (se aplica)	
Vinculación coa UVIGO	
Data fin de contrato (se aplica)	
Centro ²	
Área de coñecemento	

DATOS DAS PERSOAS AUTORAS (2)

Nome e apelidos	
DNI	
Teléfono	
Correo electrónico	
Grupo de Investigación (se aplica)	
Vinculación coa UVIGO	
Data fin de contrato (se aplica)	
Centro	
Área de coñecemento	

¹ Engadir tantas filas e columnas como persoas autoras.

² Polo menos un dos autores ten que ser obrigatoriramente dun dos centros do Campus de Pontevedra.



TÍTULO DO PROXECTO/OBRA
RESUMO DO PROXECTO/OBRA (Máximo 300 palabras)

Código seguro de Verificación : GEN-3791-62df-2ed6-7a9a-34a7-a3a0-f007-e7a4 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



ANEXO III. MEMORIA EXPLICATIVA DA OBRA/PROXECTO

(Extensión máxima 2000 palabras)

IV Edición Premios CREA-Creatividade e Innovación

Obxectivos xerais e específicos e resultados a obter relacionados cos obxectivos e as tarefas da obra/proxecto .

Describe o impacto científico-técnico/artístico e grao de creatividade da proposta.

Xustificación do carácter multidisciplinar da proposta, se procede.



Metodoloxía, plan de traballo seguido, descrición do proceso creativo e innovador seguido.

Plan de comunicación dos resultados en termos de publicacións, presentacións e comunicacións a congresos, concursos, certames ou premios, se procede.

Impacto esperado dos resultados da obra con respecto á súa contorna, e en especial ao Campus CREA de Pontevedra.



ANEXO IV. DECLARACIÓN RESPONSABLE

(Entregarse unha por cada persoa autora da obra/proposta)

IV Edición Premios CREA-Creatividade e Innovación

(Apelidos, Nome)....., con
DNI/Pasaporte/NIE nº

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Como autor/a da obra presentada ao concurso convocado pola Universidade de Vigo:

- Que a obra/proxecto é orixinal e non foi plaxiada.
- Que o obra/proxecto é inédita, e non foi premiada noutros certames.
- Que dou a miña conformidade de cesión de dereitos de reprodución e explotación da obra/proxecto para calquera actividade relacionada co Campus de especialización CREA da Universidade de Vigo, sen menosprezo de conservar os meus dereitos de propiedade intelectual e a miña autoría da obra.
- Que non incorro en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, que impidan ter a condición de beneficiario/a.

Ademais, AUTORIZO á Universidade de Vigo á consulta da seguinte documentación

- Copia do DNI/NIE/Pasaporte das persoas autoras.
- Certificación de estar matriculado/a nos estudos de Grao, Máster Universitario ou Doutoramento de todas as persoas que figuren como autoras, ou ben ser Personal Docente e Investigador con vinculación activa no curso académico 2023/2024.

De non autorizar a consulta, deberá aportar a referida documentación xunto coa súa instancia de solicitude.

En _____, a ____ de _____ de 2024

Asinado:

